



## Concello de Ortigueira

---

### ANUNCIO

Polo Sr. Alcalde Presidente deste Concello ditouse a seguinte resolución:

“ En relación coa convocatoria realizada por este Concello para a selección de dúas persoas desempregadas para a contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de interese social, para o PROGRAMA DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde de 12 de decembro de 2017 (DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018) , e unha vez presentada a oferta xenérica na Oficina das Pontes do Servizo Galego de Colocación e remitida pola mesma a este Concello a lista cos/cas candidatos/as preseleccionados/as e presentado por estes a documentación correspondente, procede realizar a selección das persoas para dita contratación, polo que de conformidade coas bases que rexe dita convocatoria e no uso das atribucións que me están conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro.- APROBAR a listaxe de aspirantes para a contratación laboral temporal de dous peóns de limpeza, de conformidade coa preselección realizada pola Oficina do Servizo Galego de Colocación”

Segundo.- Nomear para a constitución do Grupo Mixto previsto na citada orde de 12 de decembro de 2017, para realizar a selección dos aspirantes a :

Titular: Rocio Gomez Sanchez, Técnica Media do Equipo de Inclusión Sociolaboral de As Pontes.- Suplente: Rocio Trastoy Garcia, Técnica Superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de As Pontes

Titular.-José Manuel Camino Guntin.- Director da Oficina do Servizo Galego de Colocación de AS Pontes.- Suplente: Maria Carmen Corral Canto.- Técnica da Oficina do Servizo Galego de Colocación de As Pontes

Titular.- Maria Luisa Sierra Vale.- Funcionaria do Concello de Ortigueira.- Suplente: Damaso Pico Balsa.- Tecnico do Concello de Ortigueira

Terceiro.- CONVOCAR na Casa do Concello aos membros do Grupo Mixto para o día 5 de julio de 2018 ás once horas e trinta minutos para a súa constitución e valoración dos méritos alegados polos aspirantes.

Cuarto.- CONVOCAR aos candidatos preseleccionados pola Oficina do Servizo Galego para dita data e hora

Quinto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios-emprego publico da Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello, aos efectos oportunos e para xeral coñecemento”

O que se fai publico para xeral coñecemento e aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente ao marxe